

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Organismo: FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no-Diario Oficial de Galicia-)	

SUMARIO

RESOLUCIÓN do 8 de agosto do 2024, pola que se declaran ás perdas de dereito ás axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, cofinanciadas nun 80% polo Fondo FEADER.

TEXTO:

Por resolución do 15 de xaneiro de 2024 publicouse a relación de solicitudes aprobadas e denegadas das axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 para a campaña 2023, financiadas ao 80 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), reguladas na Orde do 15 de marzo de 2023 pola que se regula a aplicación dos pagos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

O artigo 26 da Orde do 15 de marzo de 2023 establece que as persoas interesadas propostas como beneficiarias dispoñerán dun prazo de dez días para a aceptación da resolución. Transcorrido o prazo sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada e non será admisible a renuncia posterior. Despois do prazo conferido, presentáronse unha serie de renuncias ás axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas. Unha vez analizadas as renuncias presentadas, procede declarar, a perda de dereito ao cobro da axuda.

O artigo 26 da citada orde dispón que as resolucións poderán ser notificadas de acordo co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, polo que, a notificación realizarase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Por outra banda, de conformidade co artigo 7.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 7/2014, do 16 de xaneiro, polo que se aprobaron



os estatutos do organismo autónomo Fondo Galego de Garantía Agraria (de aquí en diante, Fogga), atribuíuse á Dirección do Fogga a potestade de resolver os procedementos de concesión de axudas que se tramiten no ámbito das súas competencias.

De acordo con o anterior,

RESOLVO:

Primeiro. Primeiro. Facer pública na web do Fogga a relación das resolucións de perda de dereito ás axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas do plan estratéxico da PAC, ao amparo da Orde do 15 de marzo de 2023.

As persoas interesadas poden acceder á web, na seguinte ligazón:

https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas_pac/beneficiario_de_axudas_pac/campá-2023

Segundo. Poñer ao dispor das persoas interesadas as resolucións completas de perda de dereito indicadas no apartado primeiro mediante a aplicación para teléfonos móbiles «Sga@pp» dispoñible en Google Play ou en App Store, e no «Portal de axudas PAC» a través da seguinte ligazón:

https://fogga.xunta.gal/gl/pac/consultas_pac/portal_de_axudas_pac

Terceiro. Contra as citadas resolucións, que non poñen fin á vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o presidente do Fogga no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao desta publicación, conforme ao disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de interposición concluirá o mesmo día desta publicación no mes de vencemento, de conformidade co artigo 30.4 da citada lei.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2024

Juan José Cerviño Varela
Director do Fondo Galego de Garantía Agraria



(Escribir a dous espacios)

Anexo I**Listaxe de solicitantes con perda de dereito as axudas relativas ás intervencións ambientais e climáticas (2023-2027)**

Número de expediente do recurso	Nome e Apelidos	NIF da persoa	Liña	Importe aprobado
1227016000071	Casa Seijas S.C.	J27417989	9110063	5.113,90
1227031000053	María Carmen Dopacio López	***4873**	9110063	4.151,40

